

ERASMUS+: PISTOIA. DECEMBRO 2023.

O proxecto educativo pistoiés é un proxecto holístico que abrangue as idades comprendidas entre os 0 e os 6 anos de idade. É un servizo aberto e acolledor tamén ás familias.

A “comuna” (o concello) leva “il nido”, as garderías de 0 a 3 anos.

As escolas en Italia son estatais. As garderías son do concello. Os nenos/as levan o seu diario para amosalo aos 6 anos á escola á que vaian.

CATRO ÁREAS:

ROSSA (VERMELLA): Familia

GIALLA (AMARELA): Lectura e dramatización.

VERDE: Natureza

BLU (azul): Arte.

“La prattica della meraviglia”: Marabillar aos nenos/as.

ÁREA BLU (AZUL): ARTE

Polas mañás van nenos/as e 0 a 3. Polas tardes de 3 a 8 anos.

2 proxectos que fixeron o curso pasado:

1) Regalar a los comerciantes un bote con “parole gentile” escritas polos nenos/as. Escribíanas nos escaparates. Tamén chegou ao cárcere e ao hospital.

2) Caixas cun donativo. Chegaron a ter 450 caixas. Neste nadal terán un aguinaldo porque as familias teñen problemas económicos. Mañá van entregar esas caixas ao centro para darllas aos nenos e eses a outros nenos para o hospital de Firenze:

-”Medicinas”. (buscar foto)

- “Figuras de barro enfermas”

- Conto que inventaron: Mónica contounos un conto co delantal. O coello Pik está enfermo. Súa nai lévao a varios médico: león, serpe...e non atopan cura. A médico xirafa dille que coma unha folla e cúrase= esperanza.

- Descrición das cores no hospital: o que os os nenos asocian a cada core o relacionan co hospital. Por exemplo: Blu: “Está tranquilo porque vai ir á casa”.

-Pistoia está irmanada con Santiago. Simularon que eran e ían por Pistoia. Fixeron unha cuncha con arxila Anno Iacobeo 2021/22. Visitaron a catedral e as rúas de Pistoia.

- Cine: Como era Pistoia antes e como é agora? Antes había cine. Agora non. Foron ao arquivo e preguntaron aos pais que recordan do cine.

- 2 vidreiras de Umberto Buscioni. Entra a luz e proxecta cores. Pódense tocar. Nun museo non.

AREA VERDE: NATUREZA.

Entrada: zona de acollemento. “Muro parlante”.

Libro: “Domador das follas”: Construíron unha variña para domar as follas.

- Proxecto con teas: Libro “Cenerina”(libro xaponés): tinta china. Mentres o peto baleiras, o corazón échese.= COMPARTIR.

Que empreguen materiais simples, non folios nin bolígrafos

- “Tea de araña sonora”: Con pedras e material diverso. Tipos de pedras: flotan ou non na auga? Por que? A turba flota.

Sala de herbas: Nenos hiperactivos os calma: Pintura sensorial con especias: cúrcuma, azafrán, paprika, canela..distintas cores...O resultado non é inmediato. Teñen que esperar a que se coloree a auga e non sempre sae ben e teñen que repetilo.

Sala CIENTÍFICA:

Capillaridade: Absorber as raíces=esponxas.

- Vasos comunicantes

Microscopio e materiais.

Collen elementos da natureza fóra e os observan coas máquinas dentro.

O resultado non é inmediato. Teñen que esperar

- CARPINTERÍA: Aquí as cousas se poden transformar. Planta de gricinia: cando está seca se lle pode dar unha forma redonda. Esperar a que se seque.

AREA ROSSA (VERMELLA): FAMILIA

1987. Outra alternativa á escola tradicional.0-3 anos. Observan ás familias en interacción cos nenos/as a través do xogo.

Espazos:

- Piccolissimo: 1-18 meses coas súas familias.

- Casa dos osos e casa xogo:18-36 meses. (BUSCAR FOTOS)

Libro+ xogo simbólico= Libro +obxecto ou libro+personaxe. É importante que teñan un obxecto entre as mans que recorde ás historia. Cada mes utilizan un libro. Pola mañá está o libro e o obxecto aparece despois. Cada ano escollen 5 ou 6 libros ao curso que teñen un fío condutor. Este ano adícase á familia.

3 fases para ler o conto:

1) Coloca o libro na maleta. Sorpresa!! Está na mesa.

2) Len a primeira vez a historia. Lena durante varios días.

3) A través do personaxe e da proxección da historia cun proxector.

Tamén se fai un pequeno laboratorio pola mañá cos nenos e pola tarde coas familias cando chega o personaxe.

Galería de imaxes



Visita ás escolas amables de Pistoia dentro do programa de acreditación europea CFR A Coruña

A áreabambini en Pistoia (Italia) nace para dar respostas ás necesidades de xogo, exploración e descubrimento da infancia, promovendo un punto de encontro coas súas familias.

Existen catro áreabambini, cada unha coa súa identidade e cunhas características propias que definen o seu propósito.

As diferentes áreas están establecidas por cores: azul, verde e amarela onde se traballa a través de obradoiros prácticos as diferentes linguaxes: artística, científica e simbólica. A área rosa é un espazo adicado ás familias, converténdose nun apoio constante de asesoramento no proceso de crecemento do seus fillos e fillas.

A área azul, verde e amarela están

abertas polas mañás para recibir o alumnado que pertence a escolas educativas da zona. Tráballase a través de proxectos coordinados entre o profesorado dos centros educativos de orixe e os docentes específicos das áreas.

Polas tardes as áreas están abertas para levar a cabo obradoiros prácticos e poderán asistir a 8 sesións como máximo. Teñen unha programación de actividades orientada a explorar as diferentes linguaxes.

A área rosa é un espazo aberto para as familias co obxectivo de facilitar e promover o diálogo así como ofrecer propostas de experimentación que esperten a súa curiosidade.

A área verde ten como obxectivo traballar a natureza e experimentar

con ela.

A área azul ten como prioridade traballar a arte e as súas diferentes manifestacións.

A área rosa ten como finalidade traballar e asesorar as familias.

Esta metodoloxía ten como protagonista principal o neno, facendo da escola un lugar acolledor. Nestas escolas permiten que os nenos e as nenas exploren e descubran por eles mesmos, como dicía Loris Malaguzzi "Cuando ves que un niño está dando sus primeros pasos en el camino, lo lógico y correcto es darle las llaves que le permitan ir más lejos". As áreabambini en Pistoia son a chave para poder voar e chegar máis lonxe.

